

Venres, 18 de decembro de 2020

Núm. 244

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LALÍN

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES E CONVOCATORIA DO XXVII PREMIO NACIONAL DE PERIODISMO ALVARO CUNQUEIRO

BASES E CONVOCATORIA DO XXVII PREMIO NACIONAL DE PERIODISMO GASTRONÓMICO “ÁLVARO CUNQUEIRO”

Expte.: 4488/2020

O Concello de Lalín (Pontevedra) en colaboración coa Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela, a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación da Universidade de Vigo, a Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade da Coruña, así como asociacións gastronómicas galegas no seu desexo de fomentar a difusión da cociña galega e para premiar o labor realizado por xornalistas e escritores que prestaron especial atención ao devandito tema, así como por ampliación do Premio Nacional de Xornalismo celebrado en anos anteriores, aprobou as presentes bases para a concesión do XXVII PREMIO NACIONAL DE XORNALISMO GASTRONÓMICO ÁLVARO CUNQUEIRO, recoñecido como o premio gastronómico máis importante do Estado.

Primeira.- Poderán tomar parte no devandito concurso os escritores, xornalistas e particulares que publicasen artigos, libros, entrevistas, reportaxes, viñetas, fotografías, comentarios, etc. en galego ou en castelán, nos distintos medios de comunicación, sobre temas relacionados coa gastronomía galega, en particular, e a gastronomía, en xeral, nos últimos 2 anos. Tales traballos deben inscribirse de maneira obrigatoria en calquera dos xéneros xornalísticos, non poderán ter sido premiados anteriormente e non poderá ser premiado 3 anos consecutivos un mesmo autor. Ademais, poderán tomar parte os estudantes de Xornalismo, Publicidade e Comunicación Audiovisual que presenten os seus traballos académicos relacionados coa gastronomía.

Segunda.- Os traballos deberán ser presentados ben polo seu autor ou ben por terceiras persoas ou Entidades. As propostas que así o permitan deberán remitirse en formato dixital ao correo electrónico: premiocunqueiro@lalin.gal ou en soporte CD ou DVD ao enderezo postal do Concello de Lalín (Praza de Galicia, 1, 36500 Lalín). Para o envío por mail deberá indicarse no asunto do correo PARA O PREMIO DE XORNALISMO GASTRONÓMICO ÁLVARO CUNQUEIRO así como, a categoría á que concorre (xeral ou académica). En calquera caso, o envío deberá incluír, de maneira adxunta, o traballo a concurso, así como un escrito dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Lalín co nome, datos persoais, teléfono de contacto, declaración responsable do cumprimento dos requisitos previstos no artigo 13.1 e 13.2 da Lei Xeral de Subvencións, (conforme anexo publicado na páxina web www.lalin.gal) e currículo do autor (no seu caso, tamén da persoa que presenta o traballo).



Venres, 18 de decembro de 2020

Núm. 244

No caso de libros ou outro soporte que así o requira tamén poderán presentarse de forma física a través do rexistro do Concello de Lalín (Praza de Galicia, 1, 36500 Lalín), por correo ou de forma presencial. Neste caso deberán presentarse seis exemplares do traballo a concurso, así como un escrito dirixido ao Alcalde-Presidente do Concello de Lalín co nome, datos persoais, teléfono de contacto e currículo do autor (no seu caso, tamén da persoa que presenta o traballo). No caso de que o traballo resulte premiado, o Concello de Lalín requirirá ao autor ou autores (ou á persoa que presenta o traballo) o orixinal da obra ou calquera outra certificación que se considere oportuna para garantir que foi publicado e/ou emitido a través dun medio de comunicación segundo os requisitos estipulados na Base Primeira.

Terceira.- O xurado nomeado para o efecto, que estará formado por xornalistas de medios de comunicación de Galicia e representantes das institucións colaboradoras, seleccionará os traballos que considere merecedores dos premios tendo en conta, en primeiro lugar, a súa calidade xornalística, pero tamén a súa difusión. Ademais, considerarase un mérito engadido a súa referencia ao Cocido de Lalín.

Cuarta.- O prazo para a presentación dos traballos comenzará ao día seguinte da publicación do extracto da convocatoria dos premios no BOPPO e rematará o día 15 de xaneiro de 2021. En todo caso, se o envío se realizara por correo ordinario, terase en conta a data que figure no cuño postal.

Quinta.- Os premios, por importe total de 5.000 € convócanse con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria: 0.334.481.00. Os premios subdivídense nas seguintes categorías coa súa correspondente dotación económica.

a) Premio, dotado con tres mil euros (3.000 €), ao mellor traballo xornalístico presentado entre todas as categorías, ao que poderán concorrer os escritos publicados en medios de comunicación impresos; os libros, traballos, publicacións ou investigacións sobre gastronomía; os traballos xornalísticos emitidos en radios e televisións; as páxinas web con contidos dedicados á gastronomía ou os traballos gráficos (fotografía, viñeta, etc.) publicados en medios de comunicación impresos.

b) Premio, dotado de mil euros (1.000 €) ao traballo xornalístico, que o xurado decida, presentado entre todas as categorías, ao que poderán concorrer os escritos publicados en medios de comunicación impresos; os libros, traballos, publicacións ou investigacións sobre gastronomía; os traballos xornalísticos emitidos en radios e televisións; as páxinas web con contidos dedicados á gastronomía ou os traballos gráficos (fotografía, viñeta, etc.) publicados en medios de comunicación impresos.

c) Premio, dotado de mil euros (1.000 €) ao mellor traballo académico (prensa, radio, televisión e web) adicado á gastronomía presentado por alumnos de Xornalismo, Publicidade e Comunicación Audiovisual de toda a xeografía estatal co fin de potenciar aos novos valores da profesión xornalística.



Venres, 18 de decembro de 2020

Núm. 244

Antes de proceder ao pagamento, á persoa premiada deberá presentar, no Rexistro do Concello de Lalín, unha declaración de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social e a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT). (conforme anexo publicado na páxina web www.lalin.gal).

Ao tratarse dun gasto de tramitación anticipada, a execución do gasto queda condicionada á existencia de crédito no orzamento do ano 2021.

Sexta.- Os traballos premiados poderán ser citados, se se trata de libros, ou reproducidos total ou parcialmente no caso de artigos xornalísticos ou traballos audiovisuais, polo Concello de Lalín, facendo constar sempre o nome do seu autor. Ademais, os participantes no concurso renuncian a reclamar as copias ou os exemplares presentados.

Sétima.- O xurado reunirse para, unha vez revisados todos os traballos seleccionados, emitir o fallo que se dará a coñecer publicamente nun acto programado ao efecto con anterioridade á celebración da LIII Feira do Cocido.

Oitava.- A entidade organizadora poderá esixir a identificación da personalidade dos premiados que, salvo causas de forza maior suficientemente acreditadas, deberán recoller os premios no acto que se organice ao efecto. A organización resérvase o dereito a convocar aos premiados en calquera das categorías para formar parte do xurado na seguinte edición.

Novena.- O feito de participar no concurso significa a aceptación das presentes bases -cuxa interpretación última corresponde aos membros do xurado tanto polos autores como polos presentadores, e considérase que existe acordo mutuo entre ambos, cando non sexan a mesma persoa.

Décima.- Os traballos académicos presentados polos estudantes de Xornalismo, Publicidade e Comunicación deberán estar acreditados academicamente por un docente do centro de estudos. O Concello de Lalín reservarase os dereitos legais de utilización do traballo gañador na categoría de estudantes.

O Alcalde,

Xosé crespo Iglesias

